



XIII CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN

FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA DA
CORUÑA
A CORUÑA, 5 DE ABRIL DE 2014

REGULAMENTO DEPORTIVO E DE SEGURIDADE

1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste campionato todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador, sen límite ningún de idade) das Universidades de A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

2. INSCRICIÓNS

Até as 14 horas do día 28 de marzo, a través dos servizos de deportes das respectivas Universidades.

As Universidades de Vigo e Santiago de Compostela remitirán as súas inscricións a Área de Deportes da Universidade da Coruña por correo electrónico (infodeportes@udc.es), como último día o 28 de marzo ás 14:00 h.

Serán os servizos de deportes das respectivas universidades os que comprobarán a pertenza dos inscritos á súa comunidade universitaria.

3. ACREDITACIÓN

A acreditación dos participantes realizarase na zona de concentración (Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física), a partir das 9:30 h. Aparcamento dentro da Facultade (acceso praia de Bastagueiro).

Documentación a presentar: D.N.I., Pasaporte ou Carné de conducir.

4. PERCORRIDO

A competición disputarase nun único percorrido, de aproximadamente 5,5 kms.

5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Realizarase unha carreira a pé por categoría na modalidade individual diúrna, de distancia media, con visita obrigatoria dos controis na orde indicada.

O gañador será o corredor que invirta menor tempo en rematar o percorrido correctamente.

6. CLASIFICACIONES

Estableceranse dúas clasificacións individuais, homes e mulleres, e máis unha clasificación por Universidades, que resultará de sumar as catro mellores puntuacións de cada Universidade (dous homes e dúas mulleres).

As puntuacións de cada corredor virán dadas do seguinte xeito: o primeiro clasificado obtén 100 puntos; do segundo en diante, dividirase o tempo do corredor en cuestión (dividendo) entre o tempo do gañador (divisor), e o cociente multiplicarase por 100.

7. PREMIOS

Entregaranse ós tres primeiros homes e máis ás tres primeiras mulleres, así como ás tres Universidades.

8. MAPA E TERREO

Bastigueiro (Oleiros-A Coruña), escala 1:7.500, realizado por Javier Arufe Varela, segundo normas mundiais ISOM da Federación Internacional de Orientación (IOF).

9. NORMAS TÉCNICAS

- A saída é «con chamada», e o corredor debe estar na saída 3 minutos antes da súa hora asignada.
- É responsabilidade de cada corredor a limpeza (na estación «clean») e comprobación (na estación «check») da súa tarxeta electrónica, antes da saída.
- O mapa entregarase na saída, e será responsabilidade de cada corredor comprobar que corresponde á súa categoría.
- A hora de saída asignada será válida aínda que o corredor a tome con retraso.
- Fíxase un tempo máximo de dúas horas para todos os percorridos. Transcorrido ese tempo, o participante quedará descualificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.
- O percorrido será realizado obrigatoriedade na orde indicada.
- É obrigatorio seguir os puntos de cruce de estrada sinalados pola organización.
- Está prohibido pisar o céspede do campo de fútbol, as zonas axardinadas, os terreos de cultivo e máis os terreos expresamente marcados como prohibidos no mapa.
- Todo corredor que abandone a proba deberá dirixirse ó control de meta e entregar o seu mapa.

- Poderán ser descualificados os corredores que cometan irregularidades antes, durante o despois da proba.
- Está prohibida a asistencia entre corredores, agás en caso de accidente, pois aquí e obrigatoria.
- Os corredores deberán realizar a proba en silencio.
- Queda prohibido adestrar na zona de competición dende a publicación do presente Regulamento.

10. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE

- Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.
- Lémbrese especialmente que os corredores deben respectar en todo momento as normas de circulación relativas os peóns, debendo transitar obrigatoriamente polas aceras e cruzar as estradas polos pasos de peóns.
- Efectuada a avaliación dos riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente sobre o seguinte:

¡ATENCIÓN: ZONAS URBANIZADAS CON ESTRADAS!

A carreira realizarase no entorno da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña. Os participantes deben atender e respectar o paso dos vehículos en todo momento, transitar sempre polas aceras e cruzar polos pasos de peóns ou polos puntos de cruce sinalados pola organización.

¡ATENCIÓN: ZONAS CULTIVADAS!

Aparecen perfectamente identificadas no mapa coa simboloxía correspondente, quedando prohibido cruzar por elas.

¡ATENCIÓN: ZONAS MARCADAS NO MAPA COMO PROHIBIDAS!

Trátase de zonas concretas, de tránsito absolutamente prohibido, perfectamente identificadas no mapa, e facilmente salvables no terreo por medio de camiños.

11. COMITÉ DE COMPETICIÓN

O Comité de Competición estará formado por tres membros (un por cada Universidade participante). As Universidades de Vigo e de Santiago de Compostela farán constar no formulario de inscrición a persoa que designan para formar parte desde Comité. O Comité de Competición resolverá as posibles reclamacións relativas ó presente Regulamento, segundo as súas normas e as normas vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para o deporte das carreiras de orientación.

ANEXO I PROGRAMA DO DÍA

- 9:30 Chegada das delegacións, acreditacións, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña
- 10:30 Saída dos primeiros corredores
- 13:30 Entrega de trofeos e clausura
- 14:00 Despedida das delegacións.